

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA (ACTUAL MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE) E A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (ACTUAL CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS) PARA A REHABILITACIÓN DA PONTE INTERNACIONAL SOBRE O RÍO MIÑO ENTRE SALVATERRA DE MIÑO E MONÇÃO.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte,

Juan Pedro Fernández Palomino, director xeral de estradas, nomeado por Real Decreto 916/2022, de 25 de outubro, en nome e representación do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, e actuando ao amparo do establecido no artigo 62 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Orden TMA/1007/2021, de 9 de setembro, sobre fixación de límites para a administración de determinados créditos para gastos e delegación de competencias (modificada pola Orden TMA 355/2023, de 10 abril).

E doutra,

María Martínez Allegue, Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia e Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e da Axencia Galega de Infraestruturas, no exercicio do seu cargo, e, en función das atribucións que lle confire o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Interveñen en virtude das atribucións inherentes ao seu cargo, e se recoñecen capacidade legal bastante para a formalización do presente convenio e, a tal efecto:

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 17 de xullo de 2023 asinou o convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (actual Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible) e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (actual Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) para a rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra de Miño e Monção.

Segundo. Que en virtude do establecido na cláusula terceira do convenio, o custo das actuacións previstas ascendía a un total de 378.609,37 euros. Tendo en conta a estimación total prevista, o importe distribuíase coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	Reino de España – Xunta de Galicia
2023	301.734,37 €
2024	76.875,00 €
TOTAL	378.609,37 €

Terceiro. Que a anualidade correspondente a 2023 foi executada na súa totalidade.

Cuarto. Que a Comisión de Seguimento do Convenio, na súa reunión do día 20 de novembro de 2024, considerando tal e como se especifica no Acordo Internacional Administrativo asinado o 15 de marzo de 2023 entre o Reino de España e a República de Portugal, que na reunión da Comisión Técnica Mixta Luso-Española que tivo lugar o pasado 23 de setembro de 2024 en Lisboa, Infraestruturas de Portugal informou da contratación para a redacción do proxecto e os estudos complementarios anteriormente indicados por un importe de 222.578,00€ (IVA non incluído) que supera os 125.000,00€ previstos inicialmente en dito Acordo.

Quinto. Que tendo en consideración os puntos 5 e 6 da Cláusula 4ª do Acordo Internacional Administrativo, na citada reunión do 23 de setembro, a Comisión Técnica Mixta Luso-Española autorizou o incremento do importe das actuacións previstas, que serán asumidos polos asinantes, a partes iguais, polo que se incrementa o importe total do convenio en 60.010,47 € que corresponde á metade do importe adicional do contrato para a redacción do proxecto e estudos complementarios engadindo o 23% do tipo de IVA vixente aplicable en Portugal, así como un reaxuste das anualidades para que se correspondan co ritmo real da tramitación das actuacións.

Polas razóns expostas, é necesario subscribir unha addenda ao convenio para crear unha nova anualidade e reaxustar os seus importes.

De conformidade co exposto, as partes intervenientes subscriben esta addenda ao convenio asinado o 17 de xullo de 2023 de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DA ADDENDA.

Esta addenda ten por obxecto modificar o convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (actual Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible) e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (actual Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) para a

rehabilitación da ponte internacional sobre o río Miño entre Salvaterra do Miño e Monção, en adiante convenio.

A modificación realízase para incrementar o importe total dunha das actuacións previstas, coa creación dunha anualidade nova e o reaxuste da actual. Ademais, habilitase á Comisión de Seguimento para reaxustar anualidades durante toda a vixencia do convenio.

SEGUNDA. MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA TERCEIRA DO CONVENIO.

Incrementábase o importe total do convenio, créase unha anualidade nova e se modifica a distribución correspondente á financiamento do proxecto de ampliación do taboleiro da ponte Monção-Salaterra, así como dos estudos complementarios que sexan necesarios.

Modifícase o contido desta cláusula desde a referencia ás actuacións con cargo á anualidade 2024 que queda coa seguinte redacción:

“O financiamento do proxecto de ampliación do taboleiro da ponte Monção-Salaterra, así como os estudos complementarios necesarios, que permitirá avaliar as condicións técnicas e o custo da ampliación do taboleiro da Ponte para crear un carril bici nun lado do mesmo e a instalación dun paseo no outro lado, así como a accesibilidade ás mesmas; con cargo á aplicación orzamentaria 11 A1 512B 790.0, dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, código de proxecto 2022 00003 coa seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	Reino de España – Xunta de Galicia
2024	37.618,32 €
2025	99.267,15 €
TOTAL	136.885,47 €

O importe total asumido pola Xunta de Galicia ascende a 438.619,84 €.

O importe que supere o custo estimado de tódalas actuacións e a distribución de anualidades no AIA España – Portugal será asumido pola Xunta de Galicia en relación á parte correspondente ao Reino de España, previa conformidade desta e modificación deste convenio.

O prazo máximo para xustificar as actuacións realizadas será o 30 de novembro de cada ano.

Durante a vixencia do Convenio as anualidades poderán axustarse en función do ritmo real de execución das actuacións conforme se indica a continuación. Neste suposto, a tramitación do expediente financeiro non precisará a subscripción dunha nova addenda, sendo suficiente o acordo das partes na Comisión de Seguimento e sempre que ditos reaxustes non supoñan un incremento económico da cifra total comprometida nin un aumento do número de anualidades”.

TERCERA. MODIFICACIÓN DE LA CLÁUSULA SEXTA DEL CONVENIO.

Engádesse unha nova función da Comisión de Seguimento:

“6. No caso de que fose necesario un reaxuste de anualidades, acordar e elevar a súa proposta, que se formalizará mediante a sinatura da correspondente acta”.

CUARTA. EFICACIA DA ADDENDA

Esta Addenda adquirirá eficacia a partir da súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal. Así mesmo, se procederá a súa publicación no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E en proba de conformidade, asinan este documento na data da sinatura electrónica, tomándose como data de formalización a data do derradeiro asinante.

Polo Ministerio de Transportes
e Mobilidade Sostible,

Pola Consellería de Vivenda e Planificación de
Infraestruturas e a Axencia Galega de
Infraestruturas,

O Director Xeral de Estradas

A Conselleira

Juan Pedro Fernández Palomino

María Martínez Allegue